

## NOVO PROTOCOLO DE COMUNICACIÓN, CORENTENA E SEGUIMIENTO DOS CASOS NA UDC

Co obxecto de establecer as medidas de prevención específicas, atendendo á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria actual, e seguindo a tendencia de actuacións das autoridades sanitarias, infórmase o novo protocolo de comunicación, corentenas e seguimento dos casos COVID-19 na UDC.

En calquera caso, recórdase que, as persoas que experimenten algún dos síntomas máis comúns compatibles coa COVID-19, tales como febre, calafríos, tose, sensación de falta de aire, diminución do olfacto e do gusto, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos, deberá permanecer no seu domicilio e comunicalo ao seu servizo sanitario o antes posible. Igualmente, se existen conviventes no domicilio, deberá evitar o contacto con eles e, se é posible, usar un cuarto de forma exclusiva ata recibir instrucións do seu servizo sanitario.

As actuacións son as seguintes:

### 1. Positivo por proba diagnóstica de infección activa (test antíxenos, PCR,...)

**CASO A.** Corentena de 7 días se nos 3 últimos non hai síntomas e tes a pauta completa de vacinación e seguimento sanitario.

Se nos días 5º a 7º non tes síntomas poderías retomar a actividade académica presencial extremando as precaucións e reducindo todo o posible as interaccións sociais, utilizando de forma constante a máscara e evitando o contacto con persoas vulnerables.

**CASO B.** Corentena de 10 días se nos 3 últimos tes síntomas ou non tes a pauta completa de vacinación e seguimento sanitario.

### INFORMACIÓN

**TODOS/AS** Se as autoridades sanitarias coñecen o caso, debes seguir as súas instrucións e recomendacións.

Se as autoridades sanitarias non coñecen o caso, debes contactar con elas a través do 881 540 045, do teu centro de saúde ou médico de familia, ou a través da web do Sergas <https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Autodeclaracion-caso-sospeitoso-COVID> ou da APP sergas mobil <https://www.sergas.es/A-nosa-organizacion/Aplicacion-mobil-Sergas-Mobil?idioma=es> e seguir as súas instrucións e recomendacións.

Co fin de avaliar a posible transmisión do virus na UDC, informar sobre a súa presenza ou contacto estreito con membros da comunidade universitaria nas 48 horas anteriores a coñecer que es positivo/a.

**ALUMNADO** Informa ao profesorado da túa ausencia.

|                               |   |         |                     |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Código Seguro De Verificación | QV7WBN96QzK7hNdiqZVHqQ==  | Estado  | Data e hora         |
| Asinado Por                   | XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López   | Asinado | 21/02/2022 09:24:59 |
| Observacións                  |   | Páxina  | 1/2                 |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/QV7WBN96QzK7hNdiqZVHqQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/QV7WBN96QzK7hNdiqZVHqQ==</a> |         |                     |
| Normativa                     | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).               |         |                     |



**PERSOAL** Baixa médica / Conciliación Covid (habilita o traballo non presencial, indicándoo nas observacións).

## 2. Contacto estreito cun positivo

**CASO C.** Se presentas síntomas compatibles coa COVID-19 (febre, tose, sensación de falta de aire,...), fai corentena preventiva e contacta co teléfono gratuíto do Sergas 881 540 045 para solicitar atención médica e seguir as súas instrucións e recomendacións.

### **INFORMACIÓN**

**ALUMNADO** Informa da situación a [info.covid@udc.gal](mailto:info.covid@udc.gal), xunto ao centro e ao profesorado da túa ausencia.

**PERSOAL** Informa da situación a [info.covid@udc.gal](mailto:info.covid@udc.gal), xunto ao centro e solicita Conciliación Covid (habilita o traballo non presencial , indicándoo nas observacións).

**CASO D.** Non presentas síntomas compatibles coa COVID-19 (febre, tose, sensación de falta de aire,...), entón podes facer vida normal e actuar con precaución.

Recoméndase realizar un test de antíxenos se:

- ✓ Aparecen síntomas compatibles coa COVID-19  
Seguir o indicado no **CASO C**
- ✓ Non aparecen síntomas ao 5º día do contacto co positivo.

Resultado test:

- Negativo vida normal.
- Positivo ir ao **PUNTO 1**.

**CASO E.** Se o contacto estreito é cun positivo convivinte menor de 12 anos. **So para persoal da UDC e alumnado con fillos/as.**

Informa da situación a [info.covid@udc.gal](mailto:info.covid@udc.gal), xunto ao centro e solicita Conciliación Covid (habilita o traballo non presencial) mentres perdure a situación de corentena do menor.

Seguir as instrucións e recomendacións das autoridades sanitarias.

Se tes síntomas ir ao **CASO C**.

Se non tes síntomas ir ao **CASO D**.

**CASO F.** Se un fillo menor de 12 anos e convivinte é contacto estreito dun positivo. **So para persoal da UDC e alumnado con fillos/as.**

Informa da situación a [info.covid@udc.gal](mailto:info.covid@udc.gal), xunto co centro e solicita Conciliación Covid (habilita o traballo non presencial) mentres perdure a situación de corentena do menor.

Seguir as instrucións e recomendacións das autoridades sanitarias.

|                                      |   |               |                     |
|--------------------------------------|---|---------------|---------------------|
| <b>Código Seguro De Verificación</b> | QV7WBN96QzK7hNDiqZVHqQ==  | <b>Estado</b> | <b>Data e hora</b>  |
| <b>Asinado Por</b>                   | XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López   | Asinado       | 21/02/2022 09:24:59 |
| <b>Observacións</b>                  |   | <b>Páxina</b> | 2/2                 |
| <b>Url De Verificación</b>           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/QV7WBN96QzK7hNDiqZVHqQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/QV7WBN96QzK7hNDiqZVHqQ==</a> |               |                     |
| <b>Normativa</b>                     | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).               |               |                     |

